

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Artigo 1º.

De conformidade co que se prevé nos artigos 88 e 89 da *Lei 39/88*, do 28 de decembro, *reguladora das facendas locais*, que foron modificados polo artigo 8 da *Lei 22/93*, do 29 de decembro, *de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego*.

O coeficiente e a escala dos índices do *Imposto de Actividades Económicas* aplicables neste municipio quedan reflectidos nos termos que se establecen nos artigos seguintes:

Artigo 2º.

Por todas as actividades exercidas no termo municipal, as cotas mínimas fixadas nas tarifas do imposto modificaranse, mediante a aplicación sobre estas do coeficiente único do 0,9.

Artigo 3º.

Non se aplicará escala de índices polo que a cota tributaria municipal virá, unicamente, determinada pola aplicación do coeficiente que se prevé no artigo anterior.

Artigo 4º.

No que non se prevé expresamente na presente ordenanza, rexerán os preceptos que se conteñen na *Lei 39/88*, concordantes e complementarios dela, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Esta modificación entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, e aplicarase con efectos do 1/1/1994.